NON HAI ESCUSAS

25N. Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2026

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado contra la violencia de género

Concello da Coruña

01
XORNADA SOBRE AS VIOLENCIAS MACHISTAS DIXITAIS. «CIBERVIOLENCIAS NA ERA DA EXTIMIDADE»

- **Data:** 20 de novembro
- **Horario:** das 9.00 ás 14.30 h
- **Lugar:** Auditorio da Fundación ONCE (Cantón Grande)
- **Público destinatario:** profesionais do xurídico, social, educativo e psicolóxico, así como poboación en xeral interesada
- **Inscrición:** formulario de inscrición

Presentación e Moderación: Alfonso Hermida Mejuto, xornalista.

Esta xornada está dirixida principalmente a profesionais en activo e futuros/as profesionais. Así mesmo está aberta tamén ao público xeral. Combina análise feminista, resposta xurídica, responsabilidades institucionais e orientacións para a detección e o acompañamento.

INTERVIRÁN NESTA XORNADA:

Eleonora Esposito

Investigadora con experiencia no Instituto Europeo para a Igualdade de Xénero (EIGE) e no ámbito da Comisión Europea, vinculada ao traballo sobre violencias dixitais contra mulleres e nenas e á aplicación da Lei de servizos dixitais.

Laia Serra i Perelló

Avogada especializada en dereitos humanos e violencias machistas dixitais. Responsable da Comisión de Violencias da entidade Dones Juristes e presidenta da Associació Catalana per a la Defensa dels Drets Humans.

Elena Steinger Doallo

É unha recoñecida xurista que actualmente exerce como fiscala delegada autonómica de Violencia sobre a Muller en Galicia, cargo que asumiu en 2025 co obxectivo de coordinar a loita contra a violencia machista en toda a comunidade autónoma.

Sheila Fernández Míguez

É doutora en Dereito e investigadora especializada en feminismos xurídicos, violencias machistas e acceso á xustiza e integrante do grupo ECRIM da Universidade da Coruña. A súa investigación actual aborda as violencias dixitais e a participación pública das mulleres.

Águeda Gómez Suárez

Socióloga e investigadora da Universidade de Vigo vinculada a Stop Machitroles.

Patricia Alonso Ruido

Profesora titular da Universidade de Santiago de Compostela, no Departamento de Pedagoxía e Didáctica. As súas liñas de investigación inclúen a pedagoxía feminista, educación sexual e prevención das violencias contra as mulleres.

02
TEATRO: «GOLPES», DA COMPAÑÍA AANTENA

- **Data:** 23 de novembro
- **Horario:** das 19.30 ás 20.50 h
- **Lugar:** Auditorio do Fórum Metropolitano
- **Público destinatario:** actividade gratuíta aberta a toda a cidadanía. Libre ata completar a capacidade



Esta proposta utiliza o teatro para xerar empatía coas vítimas e visibilizar a escalada da violencia de xénero, dende o control e a manipulación ata o illamento. O seu obxectivo é fomentar o pensamento crítico contra as microviolencias cotiás e deconstruír os mitos do amor romántico, que xustifican a dependencia e a desigualdade.

A través desta proposta escénica, un espectáculo cru e directo contra a violencia machista e o amor romántico desigual, preténdese visibilizar a orixe cotiá da violencia de xénero e concienciar o público sobre a importancia da detección dos sinais da violencia de xénero e a súa escalada, así como a loita contra esta.

Trátase dun monólogo intimista duns 65 minutos, onde **Estíbaliz Veiga Veiga** interpreta múltiples personaxes conectando directamente co público.

03 CINE-FÓRUM

- **Data:** 24 de novembro
- **Horario:** das 17.30 ás 21.00 h
- **Lugar:** Auditorio de AFundación (ABanca), rúa Cantón Grande, n.º 8
- **Público destinatario:** aberto a toda a cidadanía
- **Inscricións:** de balde na sede da Fundación Abanca ou online en: entradas.ataquilla.com

Presentación e Moderación: Lara Vivero, xornalista.



La buena Hija (2025)

Dirixida por Júlia de Paz Solvas, é unha das películas máis impactantes do cinema recente polo seu retrato cru e sen filtros da violencia vicaria e de xénero dende os ollos da infancia.

Realizarase en primeiro lugar a visualización do filme e a continuación levarase a cabo unha mesa de diálogo na que contaremos coa presenza de **Júlia de Paz Solvas**, directora do filme, Araceli Mira García, asesora xurídica do CIM, e Eva Igualada Sañudo, psicóloga do CIM. O debate será dinamizado pola xornalista Lara Vivero.

A historia segue a Carmela (Kiara Arancibia), unha nena de 12 anos que, tras a separación dos seus pais, se traslada a vivir coa súa nai (Janet Novás) e a súa avoa (Petra Martínez). Mentres intenta adaptarse a esta nova vida rodeada de tres xeracións de mulleres, Carmela idealiza e bota de menos o seu pai (Julián Villagrán), un carismático artista plástico. Porén, tras esa fachada de pai ideal, escóndese un home manipulador, cuxo control e conduta violenta seguen a atormentar a familia na sombra.

04
XORNADA DIVULGATIVA: «VIOLENCIA VICARIA: IDENTIFICAR, PREVIR E ACTUAR»

- **Data:** 27 de novembro
- **Horario:** das 9.00 ás 14.00 h
- **Lugar:** Auditorio da Fundación ONCE (Cantón Grande)
- **Público destinatario:** profesionais do xurídico, social, educativo e psicolóxico, así como poboación en xeral interesada
- **Inscrición:** forms.gle/WqphZCjeDEj9LkVj7

Moderación: Alfonso Hermida Mejuto, xornalista.

Unha xornada que se estrutura en tres dimensións complementarias: a visibilización da violencia vicaria e o seu impacto nas mulleres e nas crianzas, os avances e retos do marco xurídico e as claves para a detección, a protección e a intervención desde os ámbitos social e psicolóxico.

A XORNADA CONTARÁ COA PRESENZA DE:

Cristina Fallarás Sánchez

Xornalista, escritora e activista feminista recoñecida polo seu compromiso coa xustiza social e a igualdade.

Isabel Giménez García

Xuíza substituta, presidenta da Comisión de Expertas para a ampliación da LOPIVI e membro do Consello Consultivo da Asociación de Mulleres Xuízas de España.

Andrea Cabezas Mateos

É avogada especializada en violencia de xénero, violencia vicaria e protección da infancia. **Preside a Asociación Stop Violencia Vicaria** e coordina a Alianza Internacional contra a Violencia de Xénero Vicaria, presente en Europa e América.

Zaida Robles Pacho

Coordinadora do Programa de Atención Terapéutica a nenos e nenas vítimas de violencia de xénero da **Fundación Meniños**.

Ana Carracedo Aldrey

Vicepresidenta do **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia**, para abordar os retos da intervención profesional.

05
OBRADOIROS EDUCATIVOS «PORNOGRAFÍA E VIOLENCIA DIXITAL: DEZ RAZÓNS PARA REXEITAR O CONSUMO», CON ALEJANDRO VILLENA MOYA

Conducidos por **Alejandro Villena Moya**, realizaranse 11 obradoiros ao longo de tres días consecutivos. Estes obradoiros participativos ofrécenlle, tanto á mocidade como á comunidade educativa, unha ferramenta de prevención contra a violencia sexual e dixital. A iniciativa analizará de xeito crítico o impacto da pornografía e do ciberacoso nas relacións afectivo-sexuais e promoverá modelos baseados no respecto, a igualdade e o consentimento, co fin de erradicar a violencia machista.

5.1. OBRADOIROS PARA OS CENTROS EDUCATIVOS

- **Data:** 1, 2 e 3 de decembro
- **Horario:** os establecidos polos centros educativos
- **Lugar:** IES do Concello da Coruña
- **Público destinatario:** alumnado de educación secundaria (3.º/4.º de ESO)
- **Inscricións:** cim@coruna.gal

5.2. OBRADOIRO DIRIXIDO AO ALUMNADO UNIVERSITARIO

- **Data:** 1 de decembro
- **Horario:** 16.00 h
- **Lugar:** salón de actos da Facultade de Socioloxía
- **Público destinatario:** alumnado universitario
- **Inscricións:** cim@coruna.gal

5.3. OBRADOIRO DIRIXIDO AO PROFESORADO E ÁS FAMILIAS

- **Data:** 2 de decembro
- **Horario:** 18.30 h
- **Lugar:** Quiosco Afonso, avda. Xardíns de Méndez Núñez, n.º 3
- **Público destinatario:** profesorado, familias e poboación en xeral
- **Inscricións:** cim@coruna.gal

Enfoque: estes obradoiros teñen como obxectivo analizar o impacto da pornografía na mocidade e previr a violencia sexual e dixital promovendo o pensamento crítico. A través da educación afectivo-sexual baseada no respecto e no consentimento, buscan fomentar relacións saudables e dotar a comunidade educativa e as familias de ferramentas de detección precoz e recursos de actuación.

DETALLE DAS SESIÓNS:

1. **OBRADOIROS CON ALUMNADO ADOLESCENTE NAS AULAS**
   (9 sesións · 90 minutos)

Metodoloxía: enfoque participativo, baseado na evidencia científica e con perspectiva de xénero, con materiais adaptados.

BLOQUE 1 (60 minutos)

«Pornografía e violencia: dez razóns para rexeitar o consumo»

Charla interactiva, adaptada á idade e sen contido explícito. Aborda o acceso temperán á pornografía mediante o móbil e analiza a violencia ou cosificación normalizadas nestes contidos e o seu impacto nas relacións. Pretende amosar por que a pornografía non é educación sexual, relacionar o seu consumo con condutas de risco e propor alternativas baseadas no respecto, o consentimento e unha sexualidade sa.

BLOQUE 2 (30 minutos)

Actividade práctica: pensamento crítico a través de viñetas

O alumnado analiza en pequenos grupos viñetas con situacións cotiás como a presión social, o ciberacoso ou as expectativas afectivas, para identificar o problema e propoñer alternativas; e remata cunha posta en común onde se ofrecen mensaxes clave e recursos de axuda.

2. SESIÓNS DE TARDE COA COMUNIDADE EDUCATIVA
(2 sesións · 90 minutos con coloquio)

- **Familias e profesorado:** «Como sobrevivir á pandemia da pornografía na adolescencia? Ferramentas e claves educativas».
- **Profesorado:** «Pornografía e violencia sexual: unha mestura explosiva. Ferramentas educativas prácticas para a prevención, detección e intervención». Detección na aula, abordaxe de casos e recursos para a educación afectivo-sexual.
- **Alumnado universitario:** «Pornografía e violencia sexual: unha mestura explosiva. Ferramentas para a prevención, detección e intervención».

Alejandro Villena Moya

É psicólogo, sexólogo e un dos maiores expertos no impacto da pornografía na mocidade, exerce como director clínico en *Dale una vuelta* e é profesor na UNIR. Membro do Comité de Expertos do Goberno para Contornas Dixitais Seguras, é tamén autor de libros e cómics divulgativos sobre a materia. Ademais, conta cunha ampla traxectoria internacional sensibilizando sobre a saúde sexual e afectiva en medios e conferencias.

06
OBRADOIRO DO ESPAZO DIVERSO «MOVEMENTO E IDENTIDADE»

- **Data:** 10, 16 e 24 de novembro e 1 de decembro
- **Horario:** das 18.00 ás 19.30 h
- **Lugar:** Centro Cívico Cidade Vella
- **Público destinatario:** Cidadanía LGTBI e cidadanía xeral
- **Inscrición:** form.jotform.com/231913472089359
- **Información:** 981 189 889 espazodiverso@coruna.gal

Obradoiro de biodanza que ofrece ferramentas de autocoñecemento, expresión emocional e fortalecemento persoal ante as violencias machistas. A través da música, o movemento corporal e as dinámicas grupais, crearase un espazo seguro de coidado e acompañamento que favoreza a recuperación da confianza, a autoestima, a autonomía corporal e a conexión coas redes de apoio comunitario.

07
ACTIVIDADES DOS ESPAZOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA E LUDOTECAS

NON ME QUITES AS ÁS

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** no horario de atención do Servizo de Canguraxe
- **Lugar:** ludotecas de Monte Alto e Mesoiro
- **Público destinatario:** nenos e nenas que teñan a alta no servizo
- **Información:** canguraxe@coruna.gal

A través dunha historia ilustrada e dun xogo de eleccións, o alumnado aprenderá a recoñecer condutas de control, humillación e illamento e a diferencialas das relacións baseadas no respecto. A actividade completarase coa creación dunhas ás de cartolina decoradas cos gustos, amizades e ilusións de cada participante, como símbolo da identidade e da liberdade que ningunha nena ou muller debería ver limitadas pola violencia.

TECENDO UNHA REDE DE APOIO

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** no horario de atención do Servizo de Canguraxe
- **Lugar:** ludotecas de Monte Alto e Mesoiro
- **Público destinatario:** nenos e nenas que teñan a alta no servizo
- **Información:** canguraxe@coruna.gal

Unha proposta que combina o xogo e a creación téxtil para descubrir a importancia das redes de apoio fronte á violencia machista. Os equipos relacionarán as situacións e necesidades dunha muller que sofre maltrato cos apoios que poden axudala, conseguindo fíos de distintas cores cos que elaborarán pequenos tecidos en teares de cartón. As pezas representarán a responsabilidade colectiva de acompañar e soster as mulleres para que poidan reconstruír a súa vida libre de violencia.

O XARDÍN DE VIOLETA

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** no horario de atención do Servizo de Canguraxe
- **Lugar:** ludotecas de Monte Alto e Mesoiro
- **Público destinatario:** nenos e nenas que teñan a alta no servizo
- **Información:** canguraxe@coruna.gal

Un conto ilustrado para achegar o significado do 25N á infancia. Violeta é unha flor que vai pechando os seus pétalos porque outra personaxe a asusta e limita a súa liberdade. Unha xardineira escoitaraa e buscará axuda para protexela.

As pingas da súa regadeira representarán os apoios que recibe: escoita, protección, compañía e respecto.

08
ANDAINA DE DEPORTES

ANDAINA

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** 11.00 h
- **Público destinatario:** público xeral
- **Lugar:** explanada do C.D. Riazor e Frontón do C.D. A Torre. O punto de encontro será o Miradoiro do Matadoiro, ás 10.30 h

REUNIÓN GRUPO E ORGANIZACIÓN LAZO

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** 12.00 h
- **Público destinatario:** público xeral
- **Lugar:** explanada do C.D. Riazor

LECTURA MANIFESTO

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** 1230 h
- **Público destinatario:** público xeral
- **Lugar:** explanada do C.D. Riazor

09
ACTIVIDADES CULTURAIS

9.1. EDE - IX CICLO ELAS SON ARTISTAS: FIERALINDA

- **Data:** 29 de novembro
- **Horario:** 20.00 h
- **Lugar:** Teatro Colón
- **Público destinatario:** público xeral
- **Entradas:** entradas.ataquilla.com



Fieralinda é a culminación deste proceso: unha obra dividida en dúas partes —Fiera e Linda— que dialogan a través da contradición. Un proxecto escénico e musical que escolle o teatro como medio principal e defende a presenza como forma de resistencia nun mundo saturado de pantallas. A súa achega transcende o formato da canción. Tamén é unha forma de pensar e de estar no mundo.

Na Coruña veremos o espectáculo *Fieralinda* con toda a súa beleza e con banda.

A novena edición do ciclo metropolitano pola igualdade na música e nas artes finaliza este ano coa actuación de Ede no Teatro Colón.

Dende abril ata o 29 de novembro tes múltiples actividades culturais coas mulleres creadoras como protagonistas. Busca as súas redes sociais de Elas Son Artistas para máis información.

Ede

É unha artista, compositora, actriz e creadora escénica que forxou o seu propio camiño dentro da música española combinando unha composición sensible e poderosa cunha presenza escénica profundamente conectada co corpo. O seu traballo xorde da intersección da música, o corpo e as palabras, e solidificouse nun xeito de pensar que busca habitar a arte a través da intuición, o risco e a escoita. Formada en canto, interpretación e escritura, desenvolveu unha carreira polifacética que abrangue a música de cantautor, o teatro físico e a creación contemporánea.

9.2. FESTIVAL NORTE CINEMA DIVERSO: «MULLERES DIRECTORAS GALEGAS»

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** 21.00 h
- **Lugar:** Teatro Colón
- **Público destinatario:** público xeral
- **Entradas:** entradas.ataquilla.com

A inauguración contará cos colectivos LesCoruña, LesWorking, Fundación 26 de Diciembre, CoruFest, CuacFM, CASCO e Poten100mos.

PROGRAMA DE PROXECCIÓNS:

Bolboreta (6 min) | Galicia, 2026

Dirección: Lucinda Rey Escribano.

Unha historia de autodescubrimento, complicidade e intimidade adolescente, ambientada nun pobo costeiro galego nos anos 80.

Corre (18 min) | Galicia, 2026

Dirección: Saamira Gana.

Ambientada nunha Coruña distópica, aborda o amor, a familia e a imposición dun réxime totalitario.

Delicuente (12 min) | Galicia, 2024

Dirección: Alba Domínguez Serén.

Peza documental que recupera a memoria de «A Maradona», líder dunha banda de delincuencia xuvenil do Vigo dos anos 80, vinculándoa coa historia obreira da cidade e coa literatura contemporánea.

As liñas descontinuas (90 min) | Galicia, 2025

Dirección: Anxos Fazáns Estévez.

Drama arredor do encontro entre Bea, unha muller de 50 anos en pleno proceso de separación, e Denís, un mozo trans de 28 anos que afronta a precariedade laboral e a falta de oportunidades. Está prevista a asistencia de Lucinda Rey Escribano, Saamira Gana, Alba Domínguez e Anxos Fazáns.

10
ACTIVIDADES EN CENTROS CÍVICOS E BIBLIOTECAS

25N: LER PARA COMPRENDER E PREVIR AS VIOLENCIAS MACHISTAS

- **Data:** do 16 ao 30 de novembro
- **Horario:** no horario de apertura do propio centro
- **Lugar:** vestíbulo do Centro Cívico dos Rosales
- **Público destinatario:** aberto a todo o público que se achegue ao centro
- **Información:** 981 184 350

Trátase dunha exposición de libros, guías e materiais divulgativos sobre a igualdade, ciberviolencias e violencias vicarias, que se realizará en colaboración coa biblioteca do Centro Cívico dos Rosales.

O MURO CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS

- **Data:** do 16 ao 30 de novembro
- **Horario:** no horario de apertura do propio centro
- **Lugar:** vestíbulo do Centro Cívico dos Rosales
- **Público destinatario:** aberto a todo o público que se achegue ao centro
- **Información:** 981 184 350

Esta actividade é unha acción participativa e colaborativa aberta a toda a cidadanía, que poderá realizar as súas achegas a través de mensaxes, debuxos ou reflexións sobre o rexeitamento das violencias machistas. As persoas que queiran colaborar poderanse achegar ao Centro Cívico dos Rosales, onde contarán co material necesario para plasmar as súas reflexións no mural.

REDES E RELACIÓNS SAS

- **Data:** 16 e 17 de novembro
- **Horario:** 10.00 h
- **Lugar:** Biblioteca Fórum Metropolitano. Sala Infantil
- **Público destinatario:** actividade pechada a 3.º A da ESO do IES Fernando Wirtz
- **Información:** bforum@coruna.gal

Actividade de investigación que se desenvolve na biblioteca con motivo do 25N. Varios grupos compiten para descubrir que lle ocorre a unha amiga que leva semanas comportándose de forma estraña. Para sabelo deberán superar unha serie de probas e con cada unha recibirán unha pista para poder reconstruír a historia. Preténdese que sexa o propio alumnado o que chegue ás ideas en lugar de recibilas nunha charla.

QUE LLE PASA A XELA?

- **Data:** 25 de novembro
- **Horario:** 18.30 h
- **Lugar:** Biblioteca Fórum Metropolitano. Sala Infantil
- **Público destinatario:** nenos e nenas de 9 a 13 anos
- **Información:** bforum@coruna.gal
- **Inscrición:** a partir do 18 de novembro en: www.coruna.gal/bibliotecas

Co gallo do 25N na biblioteca Fórum farase un xogo de escape (escape room) baseado no conto Xela volveuse vampira!!, de Fina Casalderrey.

Xela xa non é a mesma: non ri coma antes, anda esgotada e case non fala con ninguén. Ninguén sabe por que. Por equipos faremos de detectives, resolveremos probas, cruzaremos pistas e descubriremos paso a paso que hai detrás do seu cambio. Unha actividade inspirada no conto Xela volveuse vampira!! de Fina Casalderrey, para aprender a recoñecer a violencia, tamén cando non se nota, e a importancia de saber axudar.

Esta actividade está orientada á prevención, a partir de sinais e consecuencias, e non contén escenas de violencia.

CLUB DE LECTURA FIANDO HISTORIAS: SESIÓN ESPECIAL 25

- **Data:** 26 de novembro
- **Horario:** 11.30 h
- **Lugar:** Biblioteca Fórum Metropolitano
- **Público destinatario:** persoas participantes no club de lectura *Fiando historias*
- **Información:** bforum@coruna.gal

Sesión de conversa guiada dentro do club de lectura, a partir de libros que xa forman parte do percorrido lector das persoas participantes, como *La mala costumbre*, *Maneras de estar lejos* e *Tomates verdes fritos*. Aproveitaranse o que estas historias xa lles removeron para abrir un espazo de diálogo sobre os vínculos, o maltrato, o silencio e as formas de coidarse e acompañarse entre mulleres, apoiándose en distintas dinámicas sinxelas para promover o dialogo e a reflexións.

NON HAI ESCUSAS **25N.** **Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.**

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado contra la violencia de género

Concello da Coruña